



TAREFA DE NATURAIS E LINGUA

Imos a repasar a unidade 1 de naturais e a partir dela aproveitar para traballar tamén lingua galega.

A unidade 1 ten de título :”Coñezo o meu corpo”

Recordamos que as partes do noso corpo son: cabeza, tronco e extremidades.

Dentro do tronco temos o tórax e o abdome.

Dentro da cabeza temos a testa e a cara

Dentro das extremidades temos os brazos e as pernas.

Actividades:

1.-Como estábamos a facer na aula fai un esquema coas partes do corpo. Recorda que na Caixa grande poñemos i título: As partes do corpo. E despois como vos decía sacamos “braciños” para por o resto . Aquí sería tres “braciños” :cabeza, tronco e extremidades. E de cada un destes “braciños” podes o resto dentro da cabeza a esta e a cara... e así sucesivamente.

2.-Depois fai un debuxo e dalle cor das partes do corpo.

3.-Separa en sílabas ,arrodea a sílaba tónica e di como se chaman segundo o número de sílabas as seguintes palabras:
cabeza, tronco, extremidades, tórax, abdome, testa ,cara, brazos e pernas

3.-Escribe unha oración con cada unha das palabras:
cara, brazos, pernas.

4.-Escribe o abecedario en galego e logo estas palabras as colocas na orde que estarían segundo o abecedario:
Tronco,abdome,cara,extremidades e pernas.

LEMBRAMOS:

Como funciona o noso corpo?

Todos os seres vivos realizamos tres función vitais:

NUTRICIÓN: Tomar alimentos e aire para medrar e tomar enerxía.

REPRODUCCIÓN: Ter fillos.

RELACIÓN: Saber o que pasa arredor de nós e reaccionar. Grazas os **ÓRGANOS DOS SENTIDOS** coñecemos o que nos arrodea.

ACTIVIDADES:

1.-Fai segundo o explicado na aula e na actividade anterior un esquema co título de: “As función vitais”.

2.-Escribe no teu caderno o nome dos 5 sentidos:vista..... e os nomes dos órganos : ollos...oídos...

3.-Escribe un pequeno resumo co aprendido nestas actividades.Podes comezar así:

O noso corpo ten varias partes.....Realizamos tres funcións.....

4.-Separa en letras as seguintes palabras:

Nutrición,reproducción,relación.

5.-Separa correctamente estas oracións.

.-Cando respiramos o aire entra no noso corpo polo nariz e pola boca.

.-Pasamos polo traquea e chegamos aos pulmóns

6.-Corrixe o que esté mal escrito e escribe de novo todo.Fíxate nas maiúsculas.

o aire está formado por varios gases.un deles é o osíxeno,que é imprescindible para nós.

Respirar é tomar o aire e obter o osíxeno que contén.

REPASAMOS A RESPIRACIÓN

Respirar é encher e baleirar os nosos pulmóns de aire para conseguir osíxeno.

Na respiración interveñen :

.-nariz

.-boca

.-traquea

.-pulmóns

ACTIVIDADES.

1.-Debuxa e da cor os elementos que interveñen na respiración.

2.-Resume o proceso da respiración.Podes comezar así:

O aire entra ao noso corpo polo nariz ou pola boca.Despois.....

3.-Di si é verdadeiro ou falso:

Inspirar é baleirar de aire os pulmóns.

Expirar é encher de aire aos pulmóns.

O aire está formado por varios gases.

O NOSO ESQUELETO

OS ÓSOS E AS ARTICULACIÓNS:

Contesta a estas preguntas:

1.-Onde se atopan os ósos?

2.-Os ósos son ríxidos ou elásticos?

3.-Como se chama o conxunto de todos os ósos do noso corpo?

4.-Escribe o nome de 10 ósos.

5.-Sitúa estes ósos na parte do corpo que le corresponda:

Tibia.-columna vertebral.-costelas.-cranio.-radio

6.-Copia e memoriza:

As articulacións son as unións entre os ósos.Serven para dobrar e mover as partes do corpo.

Os ósos son ríxidos e únense entre si mediante as articulacións.Todos os ósos do corpo forman o esqueleto.

7.-Escribe 6 articulacións.

OS MÚSCULOS

Os músculos son elásticos.Traballan cos ósos para permitir que nos movamos.

ACTIVIDADES

1.-Escribe o nome de 5 músculos

2.-Copia e memoriza:

Na cara temos tamén músculos.

Os músculos da cara permítenos realizar xestos con que expresamos sentimentos.

Para apoiar e velo deixoo uns videos de Eduteca:

.-El cuerpo humano.

.-El esqueleto.

.-Los músculos.